

Instrución 1/2025, do 26 de setembro, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, pola que se aproba e regula o uso do catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación para o desenvolvemento do ensino na Universidade da Coruña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.....	1
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	2
Artigo 2. Actualización do catálogo	2
Disposición final primeira. Habilitación.....	2
Disposición final segunda. Entrada en vigor	3
ANEXO. Catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación para o desenvolvemento do ensino da UDC	4
1. Introducción	4
2. Protocolo para implementar o catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación	4
3. Actividades formativas.....	5
4. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación	8
4.1. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación xerais (para o deseño de memorias de verificación).....	8
4.2. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación específicos (que se poderían empregar no deseño das guías docentes para alcanzar unha maior concreción) ..	14

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no artigo 5.4 que os plans de estudo dos títulos oficiais de grao e mestrado se deben elaborar de acordo coa normativa vixente e integrárase na memoria de verificación que revisará o Consello de Universidades, logo do informe favorable da correspondente axencia de calidade.

O anexo II do devandito real decreto determina a estrutura, o contido e a extensión da memoria de verificación, que debe incluír a planificación docente, con especial atención ás actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que se vaian empregar. Estes elementos constitúen a base para a elaboración das guías docentes de cada materia.

Ademais, establécese que a memoria de verificación constitúe o compromiso da institución respecto das características do título e as condicións en que se vai desenvolver o ensino. Por tanto, a Universidade debe xustificar que a implementación

do título se axusta ao proposto na memoria ou, en caso contrario, motivar as causas e aplicar as accións correctoras necesarias.

Neste contexto, a Universidade da Coruña (UDC) elaborou un Catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que constitúe un enlace entre a información recollida nas memorias de verificación e as metodoloxías concretas que, en cada curso académico, se trasladan ás guías docentes das materias que conforman os plans de estudos. O catálogo concíbese como un documento vivo, aberto á revisión e mellora continua, e establece unha referencia común tanto para o deseño das memorias de verificación como para a elaboración das guías docentes.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta instrución ten por obxecto aprobar o Catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación para o desenvolvemento do ensino na UDC, que se incorpora como anexo I a esta instrución.

2. O catálogo será de uso obrigatorio:

a) Na elaboración das memorias de verificación de novos títulos oficiais de grao e mestrado da UDC, así como nas súas modificacións substanciais.

b) Na elaboración das guías docentes das materias que integran os plans de estudo, en que se seleccionarán as metodoloxías específicas incluídas no catálogo, sempre que estas estean vinculadas coas metodoloxías xerais recollidas na memoria de verificación vixente.

Artigo 2. Actualización do catálogo

1. As propostas de incorporación de novas actividades formativas, metodoloxías docentes ou sistemas de avaliación poderán ser presentadas por:

a) As coordinacións dos títulos, co visto e prace da comisión académica do centro responsable do título na UDC.

b) Os equipos directivos dos centros, co visto e prace da súa comisión académica.

c) A dirección do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) o estrutura académica equivalente.

d) A persoa titular da vicerreitoría con competencias en titulacións e organización académica.

2. Todas as propostas deberán ser remitidas á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, que llas trasladará á Comisión de Plan de Estudos para a súa valoración e, de ser o caso, aprobación e incorporación ao catálogo.

Disposición final primeira. Habilitación

Habílitate á persoa titular da Vicerreitoría con competencias en titulacións para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta instrución.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

O vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Moisés Canle López

ANEXO. Catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación para o desenvolvemento do ensino da UDC

1. Introducción

De conformidade co disposto no artigo 5.4 do Real decreto 822/2021 (a partir de agora, RD 822/2021), o plan de estudos do ensino oficial de grao e mestrado universitario debe ser elaborado e aprobado de acordo coa normativa vixente e formará parte da memoria de verificación do título que terá que revisar o Consello de Universidades, logo do informe favorable da correspondente axencia de calidade. O anexo II do RD 822/2021 indica cales han ser a estrutura, o contido e a extensión desta memoria, cuxa configuración e terminoloxía cómpre que estean aliñadas cos criterios e as directrices para asegurar a calidade no espazo europeo de educación superior (*Standards and Guidelines for Quality Assurance in the European Higher Education Area, ESG*). Ademais, establécese que a memoria de verificación constitúe o compromiso da institución no tocante ás características do título e as condicións en que se vai desenvolver o ensino. Por tal motivo, na fase da acreditación, a universidade debe xustificar que o desenvolvemento e o despregamento do título se axusta ao proposto na memoria, ou, en todo caso, xustificar as causas académicas, de infraestrutura ou de dispoñibilidade de profesorado que expliquen os posibles desaxustes, así como as accións que se puideron prever e/ou realizar ao respecto en cada un dos ámbitos.

O modelo de memoria de verificación do anexo II do RD 822/2021 dispón que o apartado 4, sobre a planificación do ensino, recollerá a súa estrutura básica e incluírá a descrición das actividades formativas, das metodoloxías docentes e dos sistemas de avaliación que se utilizarán no proceso formativo e en cada unha das unidades organizativas de que conste o plan de estudos do título. Deste xeito, a planificación do ensino, recollida na memoria de verificación, constitúe o referente a partir do cal o profesorado elabora a guía docente de cada unha das súas materias. Un dos aspectos fundamentais que as guías docentes teñen que concretar é o conxunto de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que se usarán ao impartir as materias cada ano académico. Estes elementos, ademais de informativos, resultan de grande utilidade para o alumnado, xa que lle permite unha mellor organización do estudo e elimina potenciais cambios de criterio sen xustificar durante o desenvolvemento das sesións.

Este documento contén o catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que se empregarán na docencia dos títulos de grao e mestrado da UDC. Constitúe un enlace entre a información que a este respecto figura nas memorias de verificación e as metodoloxías concretas que nos distintos cursos se trasladarán ás guías docentes das materias que conforman o plan de estudos. Serviralles de referencia aos órganos implicados no deseño das memorias de verificación das novas propostas de título e das súas modificacións, e, ao tempo, axudará o profesorado cando confeccione as guías docentes das materias. Concíbese como un catálogo dinámico e aberto á renovación, de acordo coa evolución das necesidades docentes de cada momento.

2. Protocolo para implementar o catálogo de actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación

O catálogo estrutúrase en dúas grandes seccións. Temos, dunha parte, a listaxe de actividades formativas, cunha breve descrición delas ([3. Actividades formativas](#)); e, da outra, a listaxe de

metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, con dous niveis de desagregación: as metodoloxías xerais, de uso nas memorias de verificación, e as metodoloxías específicas, que se utilizarán nas guías docentes e poderán ter un maior nivel de concreción que as xerais ([4. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación](#)).

Á hora de elaborar a memoria de verificación, seleccionaranse as actividades formativas ([táboa 1](#)), as metodoloxías xerais e os sistemas de avaliación ([táboa 3](#)) que se xulguen máis axeitados para o proceso formativo. Logo trasladaranse, xunto cos códigos e as descricións, á proposta. Farase referencia a este documento, co fin de que a súa definición quede clara. Cada curso, o profesorado poderá concretar nas guías docentes, de acordo coas súas preferencias, as metodoloxías específicas que vai empregar ao impartir cada materia en cuestión. As guías docentes só poderán incorporar aquelas metodoloxías específicas que estean neste catálogo e formen parte das xerais, recollidas na memoria de verificación do correspondente título.

Se ao redactar a memoria de verificación dun título se botase a faltar algunha actividade, algunha metodoloxía ou algún sistema de avaliación, poderáselle propoñer á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VIT) incorporalos a este catálogo. Tal proposta será valorada e, de ser o caso, aprobada pola Comisión de Plan de Estudos. Debido ao carácter dinámico e ampliable do catálogo, poderán suxerir actividades formativas, metodoloxías docentes ou sistemas de avaliación as coordinacións dos títulos (a través da comisión académica dos centros), as direccións dos centros, a dirección do CUFIE ou á persoa titular da vicerreitoría con competencias en titulacións e organización académica.

3. Actividades formativas

As **actividades formativas** son aquelas que o alumnado realiza nunha materia para alcanzar os resultados de aprendizaxe previstos. O seu deseño debe gardar relación coas metodoloxías docentes que se escollo e cos sistemas de avaliación que se propoña. Cóidase conveniente usar un número reducido de actividades formativas e que non resulten moi específicas, con vistas a poder adaptalas para as distintas materias en función do persoal docente que as imparta e do paso do tempo. Considéranse as actividades formativas indicadas na táboa 1.

Táboa 1. Actividades formativas e breve descrición

Actividade formativa	Descrición
AFM01 Actividades introductorias	Desenvólvense ao inicio do programa académico, para familiarizar o estudantado coas competencias, os contidos, das metodoloxías e as expectativas da materia. Buscan contextualizar os coñecementos que se van adquirir e facilitar a integración do alumnado no programa.
AFM02 Atención personalizada	Actividades de apoio individualizado ao estudantado. Están enfocadas a resolver dúbidas, reforzar contidos, adaptar a aprendizaxe e fomentar o desenvolvemento académico. Buscan mellorar a comprensión e a motivación, para unha maior eficacia do proceso educativo.
AFM03	Actividades en que as e os docentes lle transmiten ao alumnado información, conceptos e teorías de modo directo,

Actividades expositivas (teóricas)	xeralmente a través de clases maxistrais. O obxectivo é fornecer os fundamentos teóricos para a aprendizaxe dunha disciplina.
AFM04 Actividades interactivas (prácticas)	Fomentan a participación do estudantado e promoven que este aplique coñecementos teóricos en contextos prácticos reais ou simulados, ademais de favorecer a aprendizaxe activa e o desenvolvemento de habilidades prácticas, mediante exercicios, experimentos, estudos de caso ou simulacións.
AFM05 Actividades colaborativas	Son actividades que implican o traballo en equipo das e dos estudantes, para que logren obxectivos comúns cooperando. Promoven o desenvolvemento de habilidades sociais, de comunicación e de resolución conxunta de problemas, así como tamén contribúen á aprendizaxe compartida e a construción colectiva do coñecemento.
AFM06 Proxectos	Trátase de actividades orientadas a facer un traballo de investigación, de desenvolvemento ou produción sobre un tema específico. Implican a planificación, a execución e a avaliación de proxectos que permiten aplicar os coñecementos adquiridos a situacións reais ou simuladas, polo xeral cun enfoque interdisciplinar. Fomentan a aplicación práctica do coñecemento e o traballo en equipo, á parte de permitir que se adquira unha comprensión profunda e aplicada dos contidos.
AFM07 Resolución de problemas	Son actividades en que o estudantado enfrenta situacións ou casos reais que debe resolver aplicando os coñecementos que obtivo. Promoven o pensamento crítico, a creatividade e a capacidade de alumnas e alumnos para tomar decisións fundamentadas.
AFM08 Debate e discusión	Actividades interactivas en que o estudantado presenta, defende e refuta puntos de vista sobre os temas específicos que son obxecto de estudo, con vistas a fortalecer nel a análise crítica e o desenvolvemento de habilidades argumentativas. Favorecen o pensamento reflexivo e a capacidade de expresarse, escoitar e considerar diferentes perspectivas para abordar temas relevantes no desempeño profesional que integren ópticas diversas.
AFM09 Actividades de investigación	Actividades de proxectos que implican procesos sistemáticos de busca, análise de datos, síntese e xeración de coñecemento sobre un tema. Desenvolven habilidades metodolóxicas, así como tamén favorecen a capacidade crítica e analítica.
AFM10 Actividades divulgativas	Céntranse en trasladar o coñecemento a un público amplo, fóra da contorna académica, para difundilo entre a sociedade. Inclúen a participación en conferencias e obradoiros, as publicacións e todas aquelas actividades similares que

favorecen a conexión entre academia, ámbito profesional e sociedade.

AFM11 Metodoloxías integradas

Actividades que integran distintos enfoques metodolóxicos, a combinar diferentes tipos de aprendizaxe para que o alumnado adquira habilidades para o seu desenvolvemento profesional.

**AFM12
Actividades de avaliación continua**

Inclúen actividades de avaliación realizadas ao longo do proceso de aprendizaxe para seguir o progreso do estudantado, que proporcionan retroalimentación e permiten adaptar o proceso formativo ás súas necesidades.

**AFM13
Actividades de reflexión e avaliación final**

Actividades que se levan a cabo ao final do proceso formativo para avaliar o grao de aprendizaxe do alumnado, reflexionar sobre o propio proceso e articular propostas de mellora.

**AFM14
Prácticas externas**

Actividades formativas realizadas fóra da contorna académica en empresas, institucións ou espazos laborais relacionados co ámbito de estudo do alumnado, onde experimenta os seus coñecementos en contextos profesionais reais. Promoven o desenvolvemento de competencias e habilidades vinculadas á profesión e favorecen a futura inserción laboral.

**AFM15
Prácticas de laboratorio**

Enfocadas a realizar experimentos, investigacións e observacións usando equipos, materiais e técnicas científicas específicas nunha contorna controlada, para aplicar os coñecementos teóricos e afondar neles. Fomentan a capacidade de formular hipóteses, obter habilidades técnicas e desenvolver competencia no manexo de instrumentos, a observación, a análise de datos e a resolución de problemas prácticos.

**AFM16
Traballo autónomo**

Actividade en que o alumnado leva a cabo tarefas de aprendizaxe de forma independente xestionando o tempo, os recursos e as estratexias. Inclúe a preparación antes das sesións lectivas presenciais ou virtuais co profesorado, así como a actividade posterior, a través da cal realiza lecturas, investigacións e proxectos, alén de resolver tarefas asignadas sen supervisión directa.

**AFM17
Traballo tutelado**

Actividade que realiza o estudantado coa supervisión e o apoio dun membro do persoal docente. Inclúe unha interacción continua entre estudante e docente, que guía o desenvolvemento de traballos; resolve dúbidas; asesora na busca de recursos; ofrece orientación e retroalimentación, ademais de seguimento do progreso individual; apoia na resolución de problemas e asegura o desenvolvemento de competencias e habilidades.

**AFM18
Visitas externas guiadas**

Actividades que conducen o alumnado a establecer contacto con espazos externos de interese formativo para coñecer contornas ou instalacións relevantes para a súa formación

académica. Guíaaas unha persoa experta que ofrece información detallada e contextualizada, para promover a aprendizaxe nun contexto real.

4. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación

A actividade de ensino-aprendizaxe intégrase á volta das metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación.

a) As **metodoloxías docentes** son as técnicas que o profesorado aplica ao impartir as materias e que lle posibilitarán ao estudiantado atinxir os resultados de aprendizaxe. Todas terán carácter formativo, en tanto que estarán orientadas ao ensino. Algunhas poderán ser de autoavaliación, de xeito que o alumnado coñeza de forma autónoma o seu grao de aprendizaxe.

b) As **actividades de avaliación** conforman os procedementos usados para avaliar a adquisición, por parte do alumnado, dos resultados de aprendizaxe específicos dunha materia. Cada unha terá un peso dado na avaliación das e dos estudantes. Algunhas poden coincidir coa actividade definida para as metodoloxías docentes.

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación contan con dous niveis de concreción:

a) O **primeiro nivel de concreción** responde á **tipoloxía xeral** de metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. Emprégase no deseño das memorias de verificación para definir as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación no nivel do título e de cada unidade organizativa (módulo/materia/materia).

b) O **segundo nivel de concreción** responde á **tipoloxía específica** de metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. Malia que as tipoloxías específicas se poden utilizar nas memorias de verificación, polo seu carácter deben reservarse para deseñar as guías docentes das materias.

4.1. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación xerais (para o deseño de memorias de verificación)

Primeiro nivel de concreción antes mencionado. Poden usarse como metodoloxías docentes ou sistemas de avaliación sempre que se considere o seu cómputo na avaliación do alumnado.

No apartado dedicado ás metodoloxías docentes da memoria de verificación recolleranse todas as metodoloxías xerais de uso no título, as cales se extraerán da **táboa 2**, agás no caso daquelas cuxa actividade enfoque exclusivamente a avaliación do alumnado e computen nela, que se consignarán no apartado sobre os sistemas de avaliación.

Na táboa 2 figuran as metodoloxías docentes xerais e as específicas que abranguen, de modo que, se na memoria de verificación se lle asignou unha metodoloxía xeral determinada a unha materia, a guía docente poderá incluír calquera das metodoloxías específicas asociadas. Pola súa parte, a táboa 3 fornece unha descrición básica de cada unha das metodoloxías xerais.

Táboa 2. Relación entre metodoloxías e sistemas de avaliación xerais (para a memoria de verificación) e metodoloxías e sistemas de avaliación específicos (para as guías docentes)

Os códigos MDM# fan referencia á metodoloxía docente e empregaranse no apartado 4.2 da memoria de verificación. Os códigos SEM# fan referencia ao sistema de avaliación e utilizaranse no apartado 4.3 da memoria de verificación. Os códigos MAG# e SEG# úsanse nas guías docentes.

Metodoloxía xeral (memoria de verificación)	Metodoloxía específica (guía docente)
MDM01/SEM01 Atención personalizada	MAG00/SEG00. Atención personalizada
MDM02/SEM02 Actividades iniciais	MAG01/SEG01. Actividades iniciais
MDM03/SEM03 Actividades de teoría	MAG39/SEG39. Sesión maxistral
	MAG22/SEG22. Presentación oral
	MAG38/SEG38. Seminario
MDM04/SEM04 Análise de fontes	MAG02/SEG02. Análise de fontes documentais
	MAG35/SEG35. Recensión bibliográfica
MDM05/SEM05 Metodoloxías integradas	MAG03/SEG03. Aprendizaxe colaborativa
	MAG04/SEG04. Aprendizaxe e servizo
	MAG44/SEG44. Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP)
	MAG45/SEG45. <i>Escape Room</i>
	MAG46/SEG46. <i>Design Thinking</i>
	MAG47/SEG47. Aprendizaxe invertida (<i>Flipped Learning</i>)
	MAG48/SEG48. Ludificación
	MAG12/SEG12. Investigación/proxecto de investigación
	MAG08/SEG08. Estudo de casos
MDM06/SEM06 Investigación/proxectos	MAG16/SEG16. Obradoiro
	MAG09/SEG09. Eventos científicos e/ou divulgativos
	MAG12/SEG12. Investigación/proxecto de investigación
	MAG44/SEG44. Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP)
	MAG42/SEG42. Traballos/proxectos tutelados

MDM07/SEM07 Simulacións	MAG43/SEG43. Xogo de rol
	MAG40/SEG40. Simulación
MDM08/SEM08 Visitas/saídas externas	MAG37/SEG37. Saída de campo/visita
MDM09/SEM09 Intercambios orais	MAG05/SEG05. Debate virtual
	MAG06/SEG06. Discusión dirixida
	MAG10/SEG10. Foro virtual
	MAG15/SEG15. Mesa redonda
MDM10/SEM10 Estudo previo <i>(metodoloxías de preparación ao estudo)</i>	MAG02/SEG02. Análise de fontes documentais
	MAG07/SEG07. Esquema
	MAG11/SEG11. Glosario
	MAG13/SEG13. Lecturas
	MAG14/SEG14. Mapa conceptual
	MAG17/SEG17. Portafolio do alumnado
MDM11/SEM11 Traballos	MAG36/SEG36. Resumo
	MAG41/SEG41. Solución de problemas
	MAG42/SEG42. Traballos tutelados
	MAG17/SEG17. Portafolio do alumnado
MDM12/SEM12 Prácticas	MAG08/SEG08. Estudo de casos
	MAG18/SEG18. Práctica de actividade física
	MAG19/SEG19. Prácticas a través de TIC
	MAG20/SEG20. Prácticas clínicas
	MAG21/SEG21. Prácticas de laboratorio
	MAG16/SEG16. Obradoiro
MDM13/SEM13 Exposición oral	MAG40/SEG40. Simulación
	MAG22/SEG22. Presentación oral
	MAG33/SEG33. Proba oral

MDM14/SEM14	MAG34/SEG34. Proba práctica
Proba práctica	MAG23/SEG23. Proba clínica
MDM15/SEM15	MAG31/SEG31. Proba obxectiva
	MAG32/SEG32. Proba mixta
	MAG24/SEG24. Proba de asociación
	MAG25/SEG25. Proba de completar
	MAG26/SEG26. Proba de discriminación
	MAG27/SEG27. Proba de ensaio/ desenvolvemento
	MAG28/SEG28. Proba de ordenación
	MAG29/SEG29. Proba de resposta breve
Proba específica	MAG30/SEG30. Proba de resposta múltiple

Táboa 3. Descrición básica das metodoloxías e sistemas de avaliación xerais (para a memoria de verificación)

Os códigos MDM# fan referencia á metodoloxía docente e empregaranse no apartado 4.2 da memoria de verificación. Os SEM# fan referencia ao sistema de avaliación e utilizaranse no apartado 4.3 da memoria de verificación.

Metodoloxía xeral

Descrición

MDM01/SEM01 **Atención personalizada**

Actividade académica desenvolvida polo profesorado, de xeito individual ou en pequeno grupo, que ten como fin atender as necesidades e consultas de alumnas e alumnos respecto do estudo e/ou temas vinculados coa materia, para lle proporcionar orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos espazos de tempo que o persoal docente ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Comprende o tempo que cada docente reserva para atender e resolver dúbidas do estudantado en relación cunha materia concreta.

MDM02/SEM02 **Actividades iniciais**

Actividades que se levan a cabo antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, os intereses e/ou as motivacións das e dos estudantes para lograr os obxectivos que se quere alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con elas preténdese obter información

relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.

MDM03/SEM03 Actividades de teoría	Combinan o ensino de contidos teóricos con actividades que facilitan a súa comprensión e a reflexión sobre eles a través da exposición. As e os docentes presentan de maneira detallada e ordenada as teorías, os principios ou os conceptos, mentres que o estudantado participa en actividades que permiten integrar o aprendido e afondar nel de forma activa. Pode englobar, entre outras metodoloxías, a sesión maxistral, a presentación oral e o seminario.
MDM04/SEM04 Análise de fontes	Actividade baseada na análise de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou filmes, novas de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos etc.) relevantes para a temática da materia con exercicios especificamente deseñados para iso. Pode incluír, entre outras metodoloxías, a análise de fontes documentais e a recensión bibliográfica.
MDM05/SEM05 Metodoloxías integradas	Actividades que integran distintos enfoques metodolóxicos, en que se combinan diferentes tipos de aprendizaxe, para que o alumnado adquira habilidades de desenvolvemento profesional. Poden abranguer, entre outras metodoloxías, a aprendizaxe colaborativa, a aprendizaxe e servizo (APS), a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), a <i>Escape Room</i>, o <i>Design Thinking</i>, a aprendizaxe invertida (<i>Flipped Learning</i>), a ludificación, a investigación ou o proxecto de investigación, o estudo de caso e o obradoiro.
MDM06/SEM06 Investigación/proxectos	Integran actividades en que se aprende mediante a investigación activa e a realización de proxectos prácticos. Identifícanse problemas, invéstanse solucións e desenvólvense proxectos que permiten aplicar e consolidar os coñecementos de maneira significativa. Fomentan a aprendizaxe autónoma, o pensamento crítico e a colaboración. Poden englobar, entre outras metodoloxías, os eventos científicos e/ou divulgativos, a investigación ou os proxectos de investigación, a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), os traballos tutelados, o seminario e a mesa redonda.
MDM07/SEM07 Simulacións	Actividades en que se asumen roles e se participa en situacións ficticias ou simuladas para experimentar e resolver problemas de maneira práctica. A través da recreación de escenarios reais ou hipotéticos, desenvólvense habilidades de toma de decisións, traballo en equipo e resolución de conflitos, mentres se aplican conceptos e teorías nun contexto dinámico e interactivo. Favorecen a aprendizaxe activa e a reflexión crítica sobre

	situacións complexas. Poden incluír, entre outras metodoloxías, a simulación e o xogo de rol.
MDM08/SEM08 Visitas/saídas externas	Actividades en espazos externos dirixidas a observar e analizar situacións reais, que facilitan a conexión entre a teoría e a práctica profesional. Fomentan a exploración, a aprendizaxe contextualizada e o desenvolvemento de habilidades de observación e reflexión, ao tempo que promoven unha experiencia educativa máis dinámica e vivencial. Pode englobar, entre outras metodoloxías, a saída de campo ou a visita.
MDM09/SEM09 Intercambios orais	Céntranse no uso da comunicación verbal como ferramenta principal para a aprendizaxe. Promoven a interacción activa entre estudantado e docentes a través de discusións, debates, presentacións e conversas, a fomentar un ambiente en que a expresión e a comprensión oral son claves para construír o coñecemento. Buscan desenvolver habilidades de comunicación, pensamento crítico e colaboración, con vistas a mellorar tanto a capacidade de expresión oral como a de escoita activa. Pode abranguer, entre outras metodoloxías, a discusión dirixida, o debate virtual, o foro virtual e a mesa redonda.
MDM10/SEM10 Estudo previo <i>(metodoloxías de preparación ao estudo)</i>	Céntrase no traballo de preparación individual do alumnado antes de abordar novos contidos na clase ou de facer probas de avaliación. Promove que se investigue, lea e reflexione a efectuar actividades sobre os temas que se abordarán na aula para desenvolver un coñecemento que permita participar de maneira máis activa e crítica. Pode englobar, entre outras metodoloxías, o esquema, o glosario, as lecturas, o mapa conceptual, o portafolio do alumnado e o resumo.
MDM11/SEM11 Traballos	Comprenden a realización de tarefas ou traballos prácticos que implican aplicar coñecementos teóricos relacionados con situacións reais ou simuladas. Búscase desenvolver habilidades cognitivas, críticas, analíticas e prácticas, para promover a resolución de problemas, a investigación, a creatividade, a participación e o traballo en equipo. Favorecen que se obteñan competencias para o ámbito académico e o exercicio profesional. Poden englobar, entre outras metodoloxías, os traballos tutelados, o portafolio do alumnado, a solución de problemas e o estudo de caso.
MDM12/SEM12 Prácticas	Actividades baseada na experiencia directa en escenarios reais ou simulados. Promoven a participación activa en diferentes prácticas académicas e prácticas profesionais para desenvolver habilidades e competencias esenciais no ámbito laboral. Buscan aplicar o coñecemento en contextos prácticos, a enfrontar problemas reais e desenvolver capacidades de resolución de problemas, pensamento

crítico, traballo en equipo e comunicación efectiva. Poden abranguer, entre outras metodoloxías, as prácticas de actividade física, as prácticas a través de TIC, as prácticas clínicas, as prácticas de laboratorio, a simulación e o obradoiro.

MDM13/SEM13
Exposición oral

Presentacións orais de temas, traballos, conceptos, feitos ou principios realizados polo estudiantado de forma dinámica ante a clase como actividade de avaliación. Con elas preténdese desenvolver habilidades comunicativas, de investigación e de organización do pensamento, para promover a capacidade de argumentación e de resposta a preguntas e comentarios da audiencia. Pode incluír, entre outras metodoloxías, a presentación oral e a proba oral.

MDM14/SEM14
Proba práctica

Trátase de probas baseadas en actividades que procuran a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos no proceso formativo, que lle permiten ao alumnado demostrar a súa comprensión e as habilidades adquiridas mediante situacións concretas. Baséanse en desafíos prácticos ou casos reais e nelas deben resolver problemas, executar tarefas ou simular situacións da profesión. Promoven unha aprendizaxe activa e experimental, que favorece o desenvolvemento de competencias e habilidades prácticas para o desempeño laboral. Poden englobar, entre outras metodoloxías, a proba práctica e a proba clínica.

MDM15/SEM15
Proba específica

Trátase de probas centradas en aplicar o coñecemento e as habilidades das e dos estudantes a través de diferentes tipos de actividades ou cuestionarios que requiren respostas concretas, claras, aplicadas e fundamentadas. Serven para comprobar aprendizaxes baseadas na capacidade de memoria, comprensión, análise, razoamento e resolución de problemas. Favorecen o coñecemento teórico, as habilidades de aplicación práctica, a análise crítica e a comunicación. Poden abranguer, entre outras metodoloxías, a proba mixta, a proba obxectiva, a proba de asociación, a proba de completar, a proba de discriminación, a proba de ensaio/desenvolvemento, a proba de ordenación, a proba de resposta breve e a proba de resposta múltiple.

4.2. Metodoloxías docentes e sistemas de avaliación específicos (que se poderían empregar no deseño das guías docentes para alcanzar unha maior concreción)

Corresponden ao segundo nivel de concreción. Delimítanse as metodoloxías e os sistemas de avaliación que se utilizarán á hora de deseñar as guías docentes das materias. Cada unha das metodoloxías específicas que se indican pode ser empregada como sistema de avaliación, sempre que se considere o seu cómputo na avaliación do alumnado. A táboa 4 proporciona unha descrición básica de cada unha das metodoloxías específicas.



Táboa 4. Descrición básica das metodoloxías e os sistemas de avaliación específicos (para guías docentes)

Os códigos MAG# fan referencia á metodoloxía docente e os SEG# ao sistema de avaliación que se usará nas guías docentes

Metodoloxía específica	Descrición
MAG00/SEG00 Atención personalizada	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, de xeito individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado no tocante ao estudo e outros temas vinculados coa materia, para lle proporcionar orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos espazos de tempo que o profesorado ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Comprende o tempo que cada docente reserva para atender e resolver dúbidas do alumnado sobre unha materia concreta. Non se debe confundir a atención personalizada coa titoría académica, xa que esta fai referencia á necesidade de asignarlle a cada alumna e alumno unha persoa titora desde o primeiro curso da carreira e até que finalice os estudos, co obxectivo de ofrecerlle un soporte permanente e formal naqueles momentos en que debe tomar decisións.
MAG01/SEG01 Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, os intereses e/ou as motivacións do alumnado para lograr os obxectivos que se quere alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con elas preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do estudantado.
MAG02/SEG02 Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón o uso de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou filmes, novas de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos etc.) relevantes para a temática da materia en actividades especificamente deseñadas para a súa análise. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento para aplicar ao estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
MAG03/SEG03 Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con TIC que se basean na organización da clase en pequenos grupos. Neles, o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas

asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.

MAG04/SEG04 Aprendizaxe e servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto en que o estudiantado se forma traballando en necesidades reais da contorna co fin de melloralas.
MAG05/SEG05 Debate virtual	Técnica de dinámica de grupos que xira arredor dunha discusión en que as persoas dialogan sobre un tema específico seguindo un esquema previsto. Intervén tamén alguén que modera, que leva o debate. Desenvólvese a través dun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación síncrona (conversa en liña) ou asíncrona (foro).
MAG06/SEG06 Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por alguén que modera.
MAG07/SEG07 Esquema	Un esquema é a representación gráfica e simplificada da información que implica uns determinados contidos de aprendizaxe.
MAG08/SEG08 Estudo de casos	Metodoloxía de acordo coa cal o suxeito enfronta a descrición dunha situación específica que formula un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
MAG09/SEG09 Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións etc.) co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades fornécenlle ao estudiantado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades dun determinado ámbito de estudo.
MAG10/SEG10 Foro virtual	Espazo de discusión informal destinado ao tratamento dun tema ou problema por parte do alumnado nun contorno virtual de aprendizaxe mediante ferramentas de comunicación asíncrona (foro).
MAG11/SEG11 Glosario	Un glosario é un recurso que consiste na explicación e contextualización dun conxunto de termos ou conceptos propios dun material especializado para facilitar a súa comprensión.

MAG12/SEG12 Investigación/proxecto de investigación	Proceso de ensino orientado a que o alumnado aprenda coa realización de actividades de carácter práctico a través das cales se formulan situacións que requiren que identifique un problema obxecto de estudo, que o formule con precisión, que desenvolva os procedementos pertinentes, que interprete os resultados e que saque as conclusións oportunas.
MAG13/SEG13 Lecturas	Conxunto de textos e documentación escrita que foron recollidos e editados como fonte para afondar nos contidos.
MAG14/SEG14 Mapa conceptual	Técnica de traballo individual que consiste en establecer relacións entre os conceptos chave duns contidos. Trátase dunha representación das relacións entre conceptos. Os mapas conceptuais están formados por conceptos e palabras de enlace que forman frases. Teñen unha orde que depende das relacións e que vai do máis importante e xeral aos exemplos e detalles.
MAG15/SEG15 Mesa redonda	Técnica de dinámica de grupos en que especialistas nun tema, con puntos de vista diverxentes ou contraditorios, levan a cabo unha discusión diante dun grupo. Alguén modera a mesa.
MAG16/SEG16 Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes en que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.). Por medio dela, o alumnado leva a cabo tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e a supervisión do profesorado.
MAG17/SEG17 Portafolio do alumno	É un cartafol ou arquivador ordenado por seccións que contén as actividades de aprendizaxe que as e os estudantes fixeron nun período de tempo, cos comentarios e as cualificacións do profesorado para ver o seu progreso. Contén todo o que fai o alumnado, como apuntamentos ou notas de clase, traballos de investigación, guías de traballo co seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso feitos polo profesorado etc.
MAG18/SEG18 Práctica de actividade física	Metodoloxía que lle permite ao estudantado aprender de forma efectiva, a través de actividades físicas e/ou deportivas de carácter práctico tales como demostracións, exercicios etc., a execución dos fundamentos psicomotores e/ou sociomotores das distintas habilidades deportivas.
MAG19/SEG19 Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que lle permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións etc.), a teoría dun ámbito de coñecemento mediante a utilización de TIC. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e a aplicación práctica de coñecementos, ao facilitar a

aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.

MAG20/SEG20
Prácticas clínicas

O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, en que as e os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica.

MAG21/SEG21
Prácticas de laboratorio

Metodoloxía que permite que o estudantado aprenda efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.

MAG22/SEG22
Presentación oral

Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal, a través da cal alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, a presentar cuestións, facer aclaracións e expoñer temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

MAG23/SEG23
Proba clínica

Proba que se fai á cabeceira de pacientes, en que o alumnado reproduce de forma práctica a actuación clínica necesaria para chegar a un diagnóstico ou tratamento específico en relación co proceso funcional que presente quen está doente.

MAG24/SEG24
Proba de asociación

Proba obxectiva que consiste en presentar unha serie de elementos en dúas columnas paralelas en que cada palabra, símbolo ou frase dunha delas pode asociarse cos elementos da outra. Consiste en establecer as relacións entre os elementos dos dous grupos.

MAG25/SEG25
Proba de completar

Proba obxectiva dirixida a provocar a lembranza dunha aprendizaxe. Preséntase un enunciado que ten que completarse nuns ou máis puntos cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.

MAG26/SEG26
Proba de discriminación

Proba obxectiva que consiste en optar por unha das dúas opcións ou alternativas que se presentan a unha cuestión determinada. As variantes de alternativa de resposta á interrogante que se formula poden ser si ou non ou verdadeiro ou falso.

MAG27/SEG27
Proba de ensaio/desenvolvemento

Proba en que se pide responder por escrito preguntas de certa amplitude. Valórase que se proporcione a resposta esperada, en combinación coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar etc.), a creatividade e o espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden valorarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudantado, polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.

MAG28/SEG28 Proba de ordenación	Proba obxectiva onde se presenta unha serie de elementos ou datos que cómpre ordenar segundo un criterio dado no enunciado (cronolóxico, lóxico, xeográfico, cuantitativo, cualitativo etc.).
MAG29/SEG29 Proba de resposta breve	Proba obxectiva dirixida a provocar a lembranza dunha aprendizaxe. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, cifra ou símbolo.
MAG30/SEG30 Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e ofrecer varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das cales só unha é válida.
MAG31/SEG31 Proba obxectiva	Proba escrita usada para avaliar a aprendizaxe cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia etc. Aplícase tanto para a avaliación diagnóstica formativa como sumativa. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.
MAG32/SEG32 Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. Canto ás preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Canto ás preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
MAG33/SEG33 Proba oral	Proba en que se busca que se responda, de forma oral, preguntas curtas ou de certa amplitude, para valorar a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar etc.), a creatividade e o espírito crítico do estudantado. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas, como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade, polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
MAG34/SEG34 Proba práctica	Proba en que se busca que o alumnado desenvolva total ou parcialmente algunha actividade que previamente fixera durante as clases prácticas. Pode incluír a resolución previa dunha pregunta ou dun problema cuxo resultado leve á aplicación dunha determinada técnica ou práctica aprendida.
MAG35/SEG35 Recensión bibliográfica	Proceso de lectura crítica dun libro, un artigo, unha tese ou unha comunicación nun congreso. Comprende a lectura da

obra, a análise do contido e unha crítica e valoración con relación á literatura existente sobre o tema. Non supón un resumo da obra nin unha simple análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica e científica é a crítica que merece a xuízo de quen fai a recensión tendo en conta outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou a propia experiencia.

MAG36/SEG36
Resumo

Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión de textos e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. Tamén é unha axuda importante para repasar materia e preparar exames.

MAG37/SEG37
Saída de campo/visita

Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica universitaria (empresas, institucións, organismos, monumentos etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (esbozos, deseños, por exemplo) etc.

MAG38/SEG38
Seminario

Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións a que teñen que chegar todos os membros do seminario.

MAG39/SEG39
Sesión maxistral

Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última etiqueta adóitase reservar para falar dun tipo especial de lección impartida por unha ou un docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

MAG40/SEG40
Simulación

Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica para analízalo dunha maneira máis sinxela, económica ou inocua que se fixese sobre o orixinal ou na realidade. Ponse o suxeito ante unas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase en configurar situacións similares ás que se producen nun contexto real, para empregalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.

MAG41/SEG41
Solución de problemas

Técnica mediante a que debe resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.

MAG42/SEG42 Traballos/proxectos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantado, baixo a tutela do profesorado e en escenarios variados (académicos e profesionais). Refírese prioritariamente á aprendizaxe de como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada en que alumnas e alumnos asuman a responsabilidade da súa propia aprendizaxe. Baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado titor.
MAG43/SEG43 Xogo de rol	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen posturas antagónicas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.
MAG44/SEG44 Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP)	Aprendizaxe activa enfocada a producións concretas. Trabállase en equipo afrontando un desafío interesante e motivador con utilidade social e un resultado para axudar as persoas destinatarias. En varias etapas, o alumnado colabora, guiado polo persoal docente, para darlle resposta a unha problemática, resolver unha situación ou contestar unha pregunta, apoiándose nun tema que suscita o seu interese. Enfrenta unha problemática real que resolve seguindo un proceso de investigación-acción, mobilizando coñecementos, habilidades e actitudes dunha forma interdisciplinar e colaborativa.
MAG45/SEG45 Escape Room	Estratexia de aprendizaxe que usa as dinámicas dos xogos de escape nun contexto académico para resolver desafíos, retos, adiviñas e probas nun tempo limitado dentro dun contorna que simula unha situación de escapar dun escenario ficticio. Permite aplicar coñecementos teóricos de maneira práctica mentres se traballa en equipo para resolver un problema complexo. Promove a aprendizaxe colaborativa, o pensamento crítico, a comunicación efectiva e a resolución de problemas.
MAG46/SEG46 Design Thinking	Metodoloxía centrada na resolución creativa de situacións ou problemas concretos que afectan ás persoas usuarias, xerando solucións innovadoras e efectivas. Fomenta o traballo en equipo para identificar necesidades, empatizar coas persoas usuarias, entender os problemas, xerar ideas, crear prototipos e avaliar solucións, a desenvolver habilidades de pensamento crítico, creatividade e colaboración. Foméntase a aprendizaxe activa, experiencial e reflexiva.
MAG47/SEG47 Aprendizaxe invertida (Flipped Learning)	Fundaméntase na inversión do enfoque tradicional do ensino das sesións presenciais, pasando dun modelo docente máis expositivo a outro máis interactivo. Promóvese que o alumnado avance antes de clase o estudo do contido a través dos materiais de aprendizaxe, con vistas a enfocar a sesión

presencial cara a actividades máis interactivas, como debates, a resolución de problemas, traballos en grupo ou aplicacións prácticas.

MAG48/SEG48
Ludificación

Céntrase en aplicar principios e dinámicas propios dos videoxogos no ámbito educativo co fin de facer máis atractiva, motivadora e participativa a experiencia de ensino-aprendizaxe. Recrea un contorno de aprendizaxe interactiva e lúdica, onde se presentan retos polos que o estudiantado pode avanzar a través de diferentes niveis, recibir retroalimentación e obter recompensas, a fomentar unha maior competencia, colaboración e creatividade.